

reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de decembro de 2011. O xefe do servizo territorial.: Néstor Rodríguez Arias

O presente documento estará exposto no Taboleiro de Anuncios desta Deputación desde o día 27-12-2011 ata o día 27-01-2012
O ENCARGADO DA UNIDADE PORTERIA E VIXILANCIA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DE DATA 16 DE DECEMBRO DE 2011 POLA QUE SE APROBAN A MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS POLOS QUE SE REXE A INCORPORACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL Á DEPUTACIÓN.

Vista a resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2009 na que se aproban os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal, ao obxecto de prestar os seus servizos de carácter temporal, á Deputación e ao INLUDES.

Visto que motivado na experiencia acumulada derivada da aplicación dos criterios sinalados na citada resolución detectáronse certas disfuncións.

Vista a diversidade casuística xurdida en relacións cos diferentes puntos da indicada resolución e co fin de aproveitar a mencionada experiencia na xestión do actual sistema de cobertura, estímase oportuno introducir pequenas modificacións en determinados aspectos que permitan unha xestión máis axeitada e obxectiva aos fins que se pretenden conseguir.

Visto que, para o cumprimento do establecido no artigo 37 c) do EBEP, os criterios xerais que contén a presente proposta foron aprobados por maioría na Mesa Xeral de Negociación de 16 de novembro de 2011.

Visto que para a aprobación dos criterios de acceso ao emprego temporal da Deputación o artigo 34.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, determina que lle corresponde ao Presidente da Deputación "aprobar as bases das probas para a selección do persoal".

Polo anteriormente exposto, e en uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Introducir as seguintes modificacións aos criterios aprobados por resolución da presidencia de data 29 de setembro de 2009, publicados no Boletín Oficial da Provincia número 231, de 8 de outubro de 2009:

Primeira: No apartado 2º, "MODO DE ELABORACIÓN DAS LISTAS DE ASPIRANTES A PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS", da referida resolución establécese o modo de elaboración das listas de aspirantes a prestar servizos temporais.

A) No punto 1º que literalmente di: "A incorporación inicial ás listas, realizarse segundo as listas de aspirantes que, aprobando todos os exercicios das probas para acceso a funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non obtiveron praza ou que participando nas probas de acceso a persoal temporal non se incorporaron de inmediato á prestación do servizo, segundo a proposta dos Tribunais cualificadores, dando preferencia aos aspirantes procedentes dos procesos para o acceso á condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo sobre os demais, aínda que as probas se realicen con posterioridade".

Tendo en conta que os procedementos selectivos poden ter diferentes probas (número de exercicios, modalidade de superación dos exercicios, puntuación diferente, ...) e co fin de harmonizar e acadar unha maior obxectividade para establecer a orde de incorporación ás listas, propónse engadir ao punto 1º o seguinte parágrafo:

"A orde da lista, realizarase en atención ao sumatorio das puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios do proceso selectivo correspondente. No caso de que nas probas de acceso a unha mesma praza/posto/función, algunha das probas se supere coa cualificación de -apto/non apto- ou se exima da súa realización mediante a presentación do correspondente certificado, mentres que noutros supostos se empregue cualificación numérica, deberá eliminarse do computo o dito exercicio ou proba".

B) O punto 2º sinala que : "No caso de que unha persoa estea na lista de dous procesos de acceso ao mesmo posto de traballo, conservaráselle o posto que teña en primeiro lugar".

Compre modificalo do seguinte xeito: "No caso de que unha persoa aprobe dous procesos selectivos para o mesmo posto de traballo cando estea en vigor a mesma lista:

Incluirase na lista na orde que corresponda co proceso selectivo no que obtivera a maior puntuación.

Se no momento de xerar o dereito de incorporarse á lista estivese prestando servizos para a Entidade, por estar incorporada previamente á mesma lista, non se computará na nova incorporación o tempo de servizos

prestados na anterior, se ben non poderá incorporarse dúas veces á mesma lista aínda que a prestación de servizos sexa inferior a un ano".

C) A este apartado engadirase un punto 4º que regule a incorporación ás listas no suposto de empate de puntuacións. O seu texto será:

"De producirse empate na puntuación, ao obxecto de establecer a pertinente prelación, este resolverase:

1º.- Cando se trate de empate entre aspirantes de nova incorporación, aplicarase os seguintes criterios pola seguinte orde:

a) A solicitante de xénero feminino terá preferencia sobre o solicitante de xénero masculino, cando na categoría, corpo ou escala se dean as condicións de infrarepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

b) De non darse a situación anterior, o desempate producirase aplicando a orde alfabética crecente dos apelidos e nome das persoas afectadas pola indicada situación.

c) De persistir a situación de empate, terá preferencia o aspirante de maior idade."

2º.- Cando o empate se produza entre un integrante da lista e aspirantes de nova incorporación: Darase preferencia á antigüidade na correspondente lista".

Segunda: No apartado 3, o que regula a duración das listas e o período de permanencia nela, no seu punto b), "período de permanencia nas listas", sinalase: *"Os traballadores que realicen unha prestación de servizos de carácter temporal, inferior a 1 ano, terán dereito unha vez rematada a prestación do servizo no posto que estean desempeñando, a reincorporarse no primeiro posto da lista, e poderán acceder a unha nova prestación de servizos ata acadar un período de prestación de 1 ano en cada posto de traballo que desempeñe".*

O texto anterior, corríxirase do seguinte senso: *"Os traballadores que realicen unha prestación de servizos de carácter temporal, inferior a 1 ano, terán dereito unha vez rematada a prestación do servizo no posto que estean desempeñando, a reincorporarse a lista no orde de prelación que lle corresponda segundo os criterios sinalados no apartado 1º, e poderán acceder a unha nova prestación de servizos ata acadar un período de prestación de 1 ano en cada posto de traballo que desempeñe.*

Esta incorporación non se realizará para as persoas xa figuren nas listas como consecuencia da superación dun novo proceso selectivo".

Terceira: Por último, no apartado 6º, "CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA LISTA", sinalase no seu punto a) que, con carácter xeral, *"quedarán excluídos da lista aqueles aspirantes que rexeiten o posto ofertado".* Neste senso débese engadir ao texto primitivo o seguinte: *"esta exclusión non se fará efectiva se a Entidade, no momento de facer o chamamento, esixe ao/aos aspirante/s, por imperativo legal, algún requisito imprescindible para ocupar un posto. Igualmente, se engadirá que se excluírá da lista a persoa que renuncie a continuar no desempeño dun posto de traballo, agás que a dita renuncia se producise ao obxecto de atender un chamamento realizado pola Deputación con motivo de cubrir provisionalmente unha vacante nestas entidades".*

Cuarta: Por último, no tocante ás excepcións contempladas no apartado 6º que nos ocupa, dicir que no seu punto a) sinalase que *"pasarán ao final da lista as persoas que no momento de ser chamadas estean desempeñando outro posto de traballo na Deputación ou no INLUDES, debendo acreditarse documentalmente".* Considérase necesario modificar o devandito texto coa seguinte redacción: *"manterán a súa orde de prelación na lista as persoas que, no momento de ser chamadas, se atopen desempeñando outro posto de traballo na Deputación, debéndose acreditar este extremo documentalmente."*

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para cumprimento do establecido no artigo 60, da Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, indicando que contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante a Presidencia da Deputación, no prazo máximo de un mes dende o día seguinte a publicación da presente resolución no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen procedente.

TERCEIRO.- Entrada en vigor.

Os criterios aprobados nesta resolución aplicarase aos chamamentos que se realicen a partir do día 1 de xaneiro de 2012.

Pazo Provincial, 16 de decembro de 2011. O Secretario.- José Antonio Mourelle Cillero.

O presente documento estará R.5829
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27-12-2011
ata o día 27-01-2012
O ENCARGADO DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXILANCIA

J. A. Cillero